

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

3324 *Real decreto 216/2015, do 27 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 386/2013, do 31 de maio, polo que se fixan os cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais das Forzas Armadas para o período 2013-2017.*

O artigo 16.3 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, establece que o Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa, fixará con vixencia para períodos cuadrienais os cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais por corpos, escalas e empregos dos militares de carreira, excepto os correspondentes aos dous primeiros empregos, cuxos efectivos serán os que resulten das provisións de prazas e da aplicación do sistema de ascensos por antigüidade, e que o Goberno informará as Cortes Xerais cada vez que aprobe un real decreto de desenvolvemento de cadros de persoal.

A disposición derradeira segunda.2 do Real decreto 386/2013, do 31 de maio, polo que se fixan os cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais das Forzas Armadas para o período 2013-2017, autoriza o ministro de Defensa para modificar os cadros de persoal de oficiais xenerais de cada período anual, no sentido de diminuír os de tenente xeneral/almirante en aumento dos de xeneral de división/vicealmirante e de diminuír os previstos para este emprego aumentando os de xeneral de brigada/contraalmirante, sen que se produza variación no número máximo de oficiais xenerais.

Os cadros de persoal de oficiais xenerais dos diferentes corpos da Armada para o período 2013-2017, fixados polo Real decreto 386/2013, do 31 de maio, prevén que durante o ciclo 2014/2015 se amortizará un contraalmirante do corpo de enxeñeiros e nos ciclos 2015/2016 e 2016/2017, respectivamente, un contraalmirante do corpo xeral.

As necesidades propias da Armada aconsellan modificar os cadros de persoal nestes corpos e empregos de forma que se adiante a amortización dunha vacante prevista para o corpo xeral e se atrase a do corpo de enxeñeiros, mantendo invariable o número máximo de oficiais xenerais previstos no Real decreto 386/2013, do 31 de maio.

Durante a súa tramitación, este real decreto recibiu informe das asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e deuse coñecemento deste ás asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da citada lei orgánica. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, recibiu informe do Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de marzo de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do anexo ao Real decreto 386/2013, do 31 de maio, polo que se fixan os cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais das Forzas Armadas para o período 2013-2017.*

Os cadros de persoal da Armada que figuran na epígrafe B do anexo do Real decreto 386/2013, do 31 de maio, polo que se fixan os cadros de persoal regulamentarios

de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais das Forzas Armadas para o período 2013-2017, quedan modificados como segue:

Un. A táboa 1, corpo xeral, para os empregos de almirante xeneral, almirante, vicealmirante e contraalmirante, queda substituída pola que segue:

«Empregos	Escalas			
	Oficiais			
	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
Almirante xeneral	1	1	1	1
Almirante	4	4	4	4
Vicealmirante	8	8	8	8
Contraalmirante	11	10	9	9»

Dous. A táboa 4, corpo de enxeñeiros, para os empregos de vicealmirante e contraalmirante, queda substituída pola que segue:

«Empregos	Escalas			
	Oficiais			
	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
Vicealmirante	1	1	1	1
Contraalmirante	3	3	3	2»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de marzo de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Defensa,
PEDRO MORENÉS EULATE